6. O RELEVO DE GALICIA



O territorio galego, cunha superficie de 29.574 km^2, sitúase na zona NO da Península Ibérica tendo coma límites terrestres polo Leste:Asturias, Castela-León (León e Zamora); polo Sur, Portugal; e coma límites marítimos o O. Atlántico e o Mar Cantábrico.

O conxunto da paisaxe galega está constituida por un macizo constituido por rochas antigas e moi erosionadas. Podemos dividir o relevo galego nas seguintes unidades:

1. **Chairas litorais**: estreitas chairas que se extenden por toda a costa de Galicia.
2. **Serras litorias**: pequenas serras de pouca altitude (uns 500 m) coma a do Barbanza.
3. **Escalón de Santiago**: ascensión do terreo cara o interior desde as costas.
4. **Serras Centrais e Septentrionais**: tamén chamadas Dorsal galega, constituida por pequenas serras de non moita altitude (1000 m):
    - Xistral
    - Serra Faladoira
    - Serra da Loba
    - Serra Cova da Serpe

- Serra do Faro
- Serra do Suido

5. **Terra Chá lucense**: meseta duns 400 m de altitude situada ao norte, na provincia de Lugo.
6. **Depresións de Ourense**, percorrida polo río Miño
7. **Serras Orientais**: as montañas máis altas do país:
    - Serra de Meira
    - Ancares (Penarrubia, 1822 m)
    - Courel
    - Serra do Eixe (Pena Trevinca , 2.127 m)
    - Serra de Queixa (Cabeza de Manzaneda, 1778 m)

Galicia ten unha costa duns 1.500 km, na quepodemos destacar as rías e os cabos. As rías podemos dividilas en:

1. Rías Altas: Ribadeo, Foz, Viveiro, Barqueiro, Ortigueira.
2. Rías o Golfo Ártabro: Ferrol, Betanzos, A Coruña.
3. Rías da Costa da Morte: Corme e Laxe, Camariñas, Corcubión
4. Rías Baixas: Muros e Noia, Arousa, Pontevedra, Vigo.

Os cabos máis salientabeis son (de Norte a Sur): Punta Estaca de Bares (marca o comenzo do Mar Cantábrico e é o punto máis septentrional da Península Ibérica), Ortegal, Prior, Vilán, Touriñán, Fisterra, Corrubedo e Silleiro.

7. RELEVO DA PENÍNSULA IBÉRICA



A Península Ibérica está localizada no extremo SO de Europa. A maior parte da súa superficie corresponde a territorio español (504.782 km^2), pertencendo o resto a Portugal (92.072 km^2) e Andorra (468 km^2).

Os seus límites terrestre están marcados polos Pireneos e os marítimos polo Océnao Atlántico, o Mar Cantábrico, o Mar Mediterráneo e o Estreito de Xibraltar.

En España, saíndo do territorio peninsular podemos destacar as Illas Baleares no Mediterráneo e as Canarias no O. Atlántico frente ás costas do Sáhara, así coma as cidades de Ceuta e Melilla no Norte de África. Asi mesmo, en Portugal destacan no O. Atlántico as Illas Azores e as Madeira.

O relevo peninsular ten unha altitude media de 660 m, sendo o segundo país máis alto de Europa despois de Suiza (situada nos Alpes cunha altitude media de máis de 1.300 m).

Podemos dividir o relevo peninsular en 4 bloques:

1. **<u>Meseta Central</u>** (entre 600 e 700 m de altiude media). Abarca unha gran parte da superficie peninsular e podemos dividila en:

    - **Meseta Norte**, percorrida polo **río Douro**.
    - **Sistema Central**, cadea montañosa que divide a meseta en dúas partes. Destaca o **pico Almanzor (2.592 m)**
    - **Meseta Sur**, dividida en dúas partes polos **Montes de Toledo**, cada unha delas percorridas polos ríos:
        - **Texo**
        - **Guadiana**

2. **<u>Rebordos montañosos da Meseta</u>**: cadeas montañosas que rodean a meseta :
    - **Macizo Galego** (Pena Trevinca, 2.127 m) e **Montes de León** (Teleno, 2.188 m)
    - **Cordilleira Cantábrica**, na que destacan os Picos de Europa e o pico Torre Cerredo (2.648 m)
    - **Sistema Ibérico**, destacando o Moncaio (2.213 m)
    - **Serra Morena**
3. **<u>Undidades exteriores á Meseta</u>**:

- **Montes Vascos**
- **Pireneos**, co **Aneto** coma cumbre máis alta **(3.404 m)**
- **Cordilleira Costeira Catalá**
- **Cordilleira Béticas**, con dúas cimas en Serra Nevada (Granada): **Mulhacén (3.478 m) e Veleta (3.392 m)**

4. **<u>Grandes depresións exteriores</u>:**
   - **Depresión do Ebro**
   - **Depresión do Guadalquivir**

Mención aparte require o **relevo insular canario, de orixe volcánica**. Destaca sobre todo o **Teide**, a montaña máis alta de España con 3.718 m . Tamén podemos mencionar lugares coma o Parque do Timanfaya en Lanzarote ou as erupcións volcánicas submariñas do ano 2011 na illa do Hierro.



8. RELEVO DA EUROPA

O continente europeo ten unha superficie de 10.510.546 km^2, atópase na súa maior parte (excepto o extremo norte) nas latitudes medias e só ten límites terrestres con Asia ao Leste (Cáucaso, Urais, así coma os mares Negro e Caspio). O resto está rodeada polo Océano Atlántico (Oeste) e Ártico (Norte), así como polo Mediterráneo (Sur), estando separado de África polo Estreito de Xibraltar.

Podemos dividir o relevo do continente es tres tipos de unidades:

- **<u>Macizos ou montañas vellas</u>**: ao Norte (**Montes Escandinavos**), Centro (**Macizo Central Francés**) ou Leste (**Urais**)
- **<u>Chairas</u>**, dominadas pola **Gran Chaira Central europea**, desde a costa atlántica ata os Urais.
- **<u>Cordilleiras</u>** ao Sur, xurdidas polo choque coa placa africana. Son toda unha liña de cadeas montañosas novas e altas que se extenden polo sur do continente: **Pireneos, Alpes, Apeninos, Alpes Dináricos, Blacáns , Cárpatos e Cáucaso**. Nestas cordilleiras atópanse as dúas maiores cumbres: **o Mont Blanc (4.807 m)** nos Alpes e o **Elbrus (5.642 m)** no Cáucaso.

Fóra do espazo continental, destacan as **<u>illas</u>** coma **Islandia, Gran Bretaña, Irlanda, Córsega, Sardeña, Chipre ou Malta.**

Tamén podemos destacar as **penínsulas: Escandinava, de Iutlandia, Ibérica, Itálica e Balcánica.**

9. O RELEVO DE ASIA

O continente asiático ten unha superficie de 43.748.627 km^2, o que o convirte no maior do planeta. Case todo o continente está entre o Ecuador e o Círculo Polar Ártico. Limita con tres océanos: o O.Glacial Ártico ao Norte, o O. Índico polo Sur e o O. Pacífico polo Leste. Polo Oeste, está separado de Europa polos Montes Urais , o mar Caspio, o Cáucaso e o Mar Negro (o estreito do Bósforo separa estes dous continentes). Os límites con África son o mar Vermello e a Canle de Suez. Polo que respecta aos límites entre Asia e Oceanía, son máis complicados de delimitar, pero poderiamos situalos ao sur das illas de Indonesia, Borneo e Filipinas.

O choque das placas Arábiga, Iránica, Indoautraliana e Pacífica contra a Euroasiática, orixinou toda unha liña Oeste – Leste de cadeas montañosas, ao mesmo tempo que fai que en todo o Sur e Leste de Asia sexan comúns os movementos sísmicos (terremotos) acompañados, si ocorren na costa (Xapón, Indonesia,…), por tsunamis.
Entre estes **sistemas montañosos**, en Asia atópase a cordilleira que conta con máis altitude do planeta: O **Himalaia**. Alí podemos atopar os " 14 oitomiles", as únicas cumbres que superan os 8.000 m de altitude, entre a que está a de máis altitude do planeta: o Everest (8.848 m.). Pero tamén conta con cordilleiras coma os **Montes Zagros, o Hindu Kush ou os Montes Altai.**

As **mesetas** so moi numerosas (Deccán na India, Anatolia en Turquía, Irán, Siberia, Arabia, ….) destacando sobre todas elas a **Meseta do Tíbet**. Para que te deas conta das súas dimensións, fíxate:

- A súa superficie (1.000 km x 2.500 km = 2.500.000 km^2) , é coma 5 veces máis grande que toda a Península Ibérica e máis de ¡ 80 veces maior que Galicia!
- A súa altitude media (4.500 m.) é ¡case 8 veces maior ca de España e máis de 9 veces a de Galicia!

Outras mesetas son as de Pamir ou o altiplano de Mongolia, cera dos cales atopamos o Deserto do Gobi.
Por outra parte, o continente asiático ten enormes extensións de **chairas e depresións** que se extenden desde as cadeas montañosas ata o mar, percorridas por ríos que soen ser longos e moi caudalosos. Destaca **a Gran Chaira de Siberia** (ríos Obi, Ienisei,…) ao Norte ou as de **Mesopotamia** (ríos Tigris, Éufrates) **India** (ríos Ganxes e Indo), **Indochina** (río Mekong) e **China** (ríos Hoang-Ho e Iangtse – Kiang).

Ás veces, as depresións están ocupadas por mares interiores, coma o Mar Morto, o Caspio ou o Aral.
Podemos distinguir tamén en Asia **penínsulas** coma as de **Anatolia, Arábiga, Indostán, Indochina, Corea ou Kamchatka**, entre as máis importantes.



10. O RELEVO DE ÁFRICA

África é un continente macizo e compacto (realmente só ten unha gran illa – Madagascar – e unha península destacable - Somalia), cunha superficie de 30.284.631 km^2 (o terceiro continente máis grande) e perfectamente delimitado polos Océanos Atlantico e Índico, os mares Mediterráneo e Vermello, e pola canle de Suez, que o separa da Península Arábiga (Asia). Case todo o continente se localíza na zona tropical.

Ten unha altitude media de máis de 650 m., nun relevo no que destacan as chairas e depresións xunto coas mesetas. O continente reaccionou ao movemento das placas tectónicas con enormes roturas, que fixeron que se separaran a illa de Madagascar e a Península Arábiga (que pertence a Asia), ou que se producira unha enorme falla denominada **Rift Valley** ao longo da cal podemos atopar os **lagos Vitoria, Tanganika e Malawi**, e **os volcáns xa inactivos Kilimanxaro e Kenia.**

Podemos resumir o relevo africano, polo tanto en:

- **Chairas e Depresións:** percorridas por ríos coma a **Depresión do Chad,a do Congo e a do Níxer**.
- Tamén **desertos** coma o **Sahara, Kalahari e Namibia**.
- **Mesetas**: **Katanga**.
- **Macizos**: **Ahaggar, Tibesti, Marra, Etiopía**
- **Cordileiras**: o **Atlas** ao Norte e os **Montes Drakensberg** ao sur.
- Os picos máis altos son o **Kilimanxaro (5895 m)** e o **Kenia (5199).**

ÁFRICA
Mar Mediterráneo
Canle de Suez
Illas Canarias
CORDILLEIRA DO ATLAS
DESERTO DO SÁHARA
Macizo de Ahaggar
Macizo de Tibesti
Mar Vermello
Cabo Verde
S A H E L
Depresión do Chad
Montes Marra
Conca do Níxer
Golfo de Adén
Macizo de Etiopía
Península de Somalia
Golfo de Guinea
Depresión do Congo
Rift Valley
Rift Valley
OCÉANO ATLÁNTICO
OCÉANO ÍNDICO
Meseta de Katanga
Madagascar
Deserto de Namibia
Deserto do Kalahari
Mts Drankensberg
Cabo de Boa Esperanza
Montañas
1. Kilimanxaro - 5895
2. Kenia - 5199
3.Stanley - 5110 m
4.Ras Dashan - 4553 m
5. Toubkal - 4165
6. Camerún - 4095 m
Lagos
7. Vitoria
8. Tanganica
9. Malawi
4.000 m.
2.000 m.
1.000 m.
500 m.
0 m.
DEPRESIÓN
JOSÉ FDEZ. MANEIRO

11. O RELEVO DE AMÉRICA DO NORTE



Con máis de 24 millóns de km^2, América do Norte limita con tres océanos (Glacial Ártico, Pacífico e Atlántico) e con Sudamérica a través do istmo centroamericano. Sepárao de Asia o Estreito de Bering. Localizamos a maior parte de Norteamérica entre o Trópico de Cáncer e o C.P. Ártico.

Provén este continente do primixenio Panxea, desprazándose cara o oeste e chocando coa placa tectónica Pacífica.

Continente compacto a excepción das illas do Norte (Groenlandia entre elas) e do Caribe (Cuba, Xamaica, Porto Rico,…)

Podemos dividir o relevo norteamericano en **tres liñas Oeste – Leste**:

- Oeste: **Montañas Rochosas**, cordilleira que ese extende por toda a costa pacífica, e que continúa polas **Serras Madres e Meseta mexicanas**.
- Centro: **Grandes Chairas**, percorridas polos ríos Mississippi – Misouri.

- Leste: **Apalaches**, macizo na costa atlántica.

Destacan tamén as **<u>penínsulas</u>** de **Labrador, California, Florida e Iucatán**, así como a **baía de Hudson e o Golfo de México.**

12. RELEVO DE SUDAMÉRICA

Con case 18 millóns de km^2 , o continente sudamericano limita con 3 océanos (Antártico, Pacífico e Atlántico), uníndose a América do Norte polo istmo centroamericano. A maior parte do continente localízase entre o Ecuador e o C.P. Antártico.

A placa tectónica sudamericana segue un mevemento cara o oeste, o que provocou a choque coas placas de Nazca e Pacífica. Este choque orixinou un relevo, que coma o norteamricano, podemos dividir en 3 zonas:

- Oeste: **Andes**, cordilleira que recorre o continente de Norte a Sur ao longo de máis de 7.000 km cunha altitude media duns 4.000 m. Aquí atópase a cumbre máis alta do continente: o **Aconcagua (6.959 m)**
- Centro: **Conca do Amazonas e chaira da Pampa** arxentina.
- Leste: **Mesetas brasileira e do Mato Grosso**, así coma o macizo das Güianas ao Norte

13. O RELEVO DE OCEANÍA

Con case 9 millóns de km^2 e situada ao sur de Asia, dividida en dúas metade polo Trópico de Capricornio, Oceanía está formada por máis de **25.000 illas**, polo que se denomina continente insular. As máis importantes desas illas son **Nova Guinea, Nova Zelandia, Tasmania** e, coma non, **Australia**.

Oceanía, coma o seu nome indica, está rodeada polos océanos Pacífico, Antártico e Índico, así coma polo Mar de Coral. Neste mar está a coñecida Gran Barreira de Coral, de máis de 2000 km de longo.

Destacan a **Gran Cordilleira Divisoria**, os **desertos Simpson , Gran Deserto de Area e Vitoria**, así coma os **montes MacDonnel e Hamersley** en Australia.